



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE DECEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 21 de decembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Francisco Javier Espiñeira Pardo

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4096-440)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral, se presentaron 23 empresas a esta licitación, 12 das cales o fixeron a través de Correos, e destas 12, só chegaron 3 ao Rexistro. Non dispoñendo de todas as proposicións presentadas, non procede tratar este asunto.

b) Procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal (12225-445)

Procédese á apertura do sobre A *"Documentación persoal"* da única proposición presentada. Logo da súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a VIP GALICIA, S.A.

2.-Apertura técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:50	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA847-E2B42E-D3CHBC-TCXGKB-D47JBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4096-440)

Non se trata este asunto porque non se puido tratar o punto 1a por non dispoñer de todas as proposicións presentadas.

3.- Apertura económica

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal (12225-445)

En acto público abriuse o Sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

VIP GALICIA, S.A.	
Prezo	129.833,00 euros
Incremento prazo de garantía total	-
Incremento garantía elementos cinéticos	-
Custo anual mantemento preventivo ano 1	-
Custo anual mantemento preventivo ano 2	-
Custo anual mantemento preventivo ano 3	-
Custo anual mantemento preventivo ano 4	-
Custo anual mantemento preventivo ano 5	-
Custo anual mantemento preventivo ano 6	-
Custo anual mantemento preventivo ano 7	-
Custo anual mantemento preventivo ano 8	-
Resposta en caso de avaría en menos de 24 horas si/non	SI

Non asiste público á sesión.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

4.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333) (informe sobre C)

Entrégase o informe de valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula”, asinado polo xefe da Área de Investimentos o 19 de decembro de 2016. Logo do seu estudo, a Mesa acorda, por unanimidade, aceptar o referido informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:50	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA847-E2B42E-D3CHBC-TCXGKB-D47JBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

5.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, así como do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local o 14 de decembro de 2016, en cumprimento do previsto na resolución nº 1017/2016 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (recurso nº 1017/2016, interposto pola mercantil CLECE, S.A.) polo que se acorda *“Retrotraer as actuacións do expediente ao momento inmediatamente anterior á exclusión da oferta de CLECE, S.A., para que sexa admitida”*, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1º	CLECE, S.A.	93,70
2º	FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L.	85,80
3º	GAIA GESTION DEPORTIVA, S.L.	48,31
4º	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	32,48
5º	SERVICIO, S.L.	23,85

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Para os efectos de acreditar a solvencia técnica ou profesional, só se terán en conta *servizos ou traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato (cláusula 8 do PCAP)*, polo que deberá constar detalladamente a parte dos contratos que se refire a servizos iguais ou similares aos do obxecto do contrato.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:50	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA847-E2B42E-D3CHBC-TCXGKB-D47JBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.800,03 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

6.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333).

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 5 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado polos arquitectos municipais o 1 de decembro de 2016:

1. COPCISA, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)
3. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	98,91
2	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	92,74



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:50	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA847-E2B42E-D3CHBC-TCXGKB-D47JBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

3	PROYCOGA, S.A.	90,35
4	REFORVIGO, S.L.	74,12

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto na cláusula 22 e no apartado 10B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas do 4,73 % do importe de adxudicación do contrato sen IVE (12.906,66 euros).

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.040,78 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado o 7 de decembro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., que presenta a documentación requirida o 19 de decembro de 2016, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2016, comprobou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:50	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA847-E2B42E-D3CHBC-TCXGKB-D47JBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 11 de novembro e 1 de decembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 330.170,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 57.302,29 euros.*
- b) *O prazo de garantía increméntase en 132 meses, polo que o prazo total é de 144 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que se produciu un erro no envío da notificación ao clasificado en primeiro lugar, PREVISIONOR, S.L., polo que se tivo que volver a notificar e conceder, en consecuencia, un novo prazo. O presidente acorda retirar este asunto da orde do día.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

Vigo, 21 de decembro de 2016



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:50	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA847-E2B42E-D3CHBC-TCXGKB-D47JBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:50	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA847-E2B42E-D3CHBC-TCXGKB-D47JBL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		